Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 846,93 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 906,93 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE

TOMA DE COÑECEMENTO

2.14.- Dada conta do escrito asinado por D. JULIO GACIO TARRIO, de data 02.02.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 726, no que solicita o cambio de titularidade da licenza urbanística nº 109/10, que lle fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.06.2010, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Fixó, parroquia de Calo, pasando a nome de D. Luis Amador Rodríguez Vaamonde e Dª. Marta Vila Hermida; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11) acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística nº 109/10, pasando a nome de **D. LUIS AMADOR RODRÍGUEZ VAAMONDE e Dª. MARTA VILA HERMIDA** (expte. CT-1/2012), debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3.- EXPED. 158.11. UNIÓN FENOS DISTRIBUCIÓN S.A.. DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE ANULACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS DO ICIO E TAXA URBANÍSTICA.

Dase conta de que obra no expediente informe da interventora municipal de 16/02/2012, e informe do arquitecto técnico de 09/11/2011.

Seguidamente dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 16/02/2012 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Considerando que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 04/07/2011, acordou conceder licenza urbanística a Unión Fenosa Distribución S.A. para obras de instalación de liña de media tensión e centro de transformación para subministro eléctrico do edificio de 16 vivendas e garaxe na Travesía de Caheiras, nº 109-111 (Piorneira), segundo o proxecto técno titulado LMTS, CTC, lugar de Piorneira (SDG: UD218309050006), expediente nº 158/11.

Considerando que a Xunta de Goberno Local, na sesión citada, aproba as liquidacións correspondentes ao Imposto de construccións, instalacións e obras (ICIO) (provisional), por importe de 606,60 € e á taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 60,00 €.

Considerando que con data de 18/10/2012 (rex. entrada nº 10.151), D. Juan Ramón Guijarro Castro, en nome de Unión Fenosa Distribución S.A, presenta escrito solicitando a anulación das liquidacións practicadas ao entender que non se executaron as instalacións, nin se solicitou licenza algunha para a súa execución.

Considerando que, segundo o informe do arquitecto técnico de 09/11/2011, as obras correspondentes á instalación de liña de medio tensión e centro de transformación para o subministro eléctrico dun edificio de 16 vivendas na travesía de Cacheiras nº 109-111, están rematadas e aparentemente en pleno uso.

Visto o informe da interventora municipal, de 16/01/2012, e considerando que segundo as conclusións do mesmo procede desestimar a solicitude presentada pola empresa interesada, en base aos seguintes argumentos:

"- Estando suxeita a licenza de obras ou urbanística as obras de instalación de liña de media tensión e centro de transformación para subministro eléctrico do edificio de 16

vivendas e garaxe na Travesía de Cacheiras, nº 109-111 (Piorneira), segundo proxecto técnico titulado LMTS, CTC, lugar de Piorneira (SDG: UD218309050006), expediente nº 158/11, e posto que, segundo informe técnico que obra no expediente, as obras están rematadas e aparentemente en pleno uso, teríase producido o devengo do ICIO.

- Segundo o artigo 8.2 da Ordenanza fiscal, cando non se produce unha formulación expresa do suxeito pasivo de solicitude de licenza de obras ou urbanística, a taxa devengarase cando se comece a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable".

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de anulación das liquidacións practicadas en concepto de ICIO e taxa por expedición de licenzas urbanísticas, formulada por D. Juan Ramón Guijarro Castro, en nome de Unión Fenosa Distribución S.A., no seu escrito de 07/10/2012 (rex. entrada nº 10.151, de 18/10/2011), en base aos informes incorporados ao expediente.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado á Intervención e Tesouraría municipais aos efectos oportunos".

Á vista dos informes incorporados ao expediente e da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de anulación das liquidacións practicadas en concepto de ICIO e taxa por expedición de licenzas urbanísticas, formulada por D. Juan Ramón Guijarro Castro, en nome de Unión Fenosa Distribución S.A., no seu escrito de 07/10/2012 (rex. entrada nº 10.151, de 18/10/2011), en base aos informes incorporados ao expediente.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, e dar traslado á Intervención e Tesouraría municipais aos efectos oportunos.

4.- EXPED. 64.11 JESÚS PAN REY PROPOSTA DA ALCADÍA DE DEVOLUCIÓN I.C.I.O. POR DUPLICIDADE.

Dase conta de que obra no expediente informe da interventora municipal, de 16/02/2012, informando favorablemente a devolución de ingresos indebidos por importe de 19,91 € a favor de D. Jesús Pan Rey, ao tratarse dunha duplicidade no pago dunha débeda tributaria.

Dase conta da proposta da alcaldía de data 16/02/2012, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que a D. Jesús Pan Rey se lle concedeu por acordo da Xunta de Goberno Local licenza para obras de cerre de 32 ml., con postes e tela metálica, na finca Mondelo, nº 8, segundo plano de situación, parroquia de Calo (expediente nº 64/11).

Visto que a Xunta de Goberno Local aprobou as liquidacións en concepto de Imposto sobre construccións, instalacións e obras (ICIO) por importe de 19,91 €, así como en concepto de taxa pola expedición de licenza urbanística por importe de 60 €.

Tendo en conta que o suxeito pasivo abonou en data 19/01/2011 o importe de 60 € pola expedición da licenza urbanística, e o importe de 19,91 € correspondente ao ICIO foi abonado en datas 29/04/2011 e 21/06/2011, producíndose unha duplicidade no pago do imposto.

Tendo en conta que segundo o artigo 221 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos poderá iniciarse de oficio ou a instancia do interesado, entre outros supostos, cando se produza unha duplicidade no pago de liquidacións tributarias.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido nos artigos 14 a 20 do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, en materia de revisión en vía administrativa, ***PROPOÑO*** *á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro.- *Recoñecer a D. Jesús Pan Rey o dereito á devolución de ingresos indebidos polo concepto tributario Imposto sobre construccións, instalacións e obras, por importe de* ***19,91 €****, por existir unha duplicidade no pago da liquidación por ese concepto tributario no expediente de licenza urbanística nº 64/11, tal e como queda xustificado na documentación que obra no expediente, e en consecuencia determinar como suxeito titular do dereito á devolución ao mesmo.*

Segundo.- *Notificar dito acordo ao interesado, así como á Intervención e Tesouraría municipais aos efectos oportunos".*

Á vista do informe de intervención incorporado ao expediente e da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Recoñecer a D. Jesús Pan Rey o dereito á devolución de ingresos indebidos polo concepto tributario Imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 19,91 €, por existir unha duplicidade no pago da liquidación por ese concepto tributario no expediente de licenza urbanística nº 64/11, tal e como queda xustificado na documentación que obra no expediente, e en consecuencia determinar como suxeito titular do dereito á devolución ao mesmo.

<u>Segundo</u>.- Notificar dito acordo ao interesado, así como á Intervención e Tesouraría municipais aos efectos oportunos.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde — A secretaria acctal.

Martiño Noriega Sánchez — Mª Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 5 DE MARZO DE 2012 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día 5 de marzo de 2012, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

Arquitecto: D. Alberto Iglesias Fungueiriño

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS

2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto.

Antes de entrar no primeiro punto da orde do día, o Sr. alcalde da conta do Decreto de 02/03/2012 (res.126/12), relativo á separación da Xunta de Goberno Local de D. Manuel Anxo Fernández Baz, ao perder o concelleiro citado a súa condición de terceiro tenente de alcalde e de concelleiro delegado de persoal, medio natural e deportes, habida conta do manifestado polo concelleiro citado no seu escrito de 01/03/2012 (rex. entrada nº 1.433).

Os mebros da Xunta de Goberno Local danse por enterados.

A continuación, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A D. MANUEL LÓPEZ IGLESIAS, licenza para a legalización das obras de reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar existente, e obras de terminación da mesma, en Fornelos, nº 89, parroquia de Raris, segundo proxecto presentado o 26.01.2012 (rex. entrada nº 541) e anexo modificado presentado o 09.02.2012 (rex. entrada nº 881), redactados polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, (Expte de Reposición da legalidade urbanística Rep. 15/2011).

Expediente núm: 54/12

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello a fin de proceder ao arquivo do correspondente expediente de reposición, Rep. 15/2011.

-A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa: Expediente para legalización de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente e Proxecto básico e de execución de obras de terminación de dita vivenda, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 19.12.2011 e o anexo modificado visado o 07.02.2012 . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación,

superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: N1 SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL.

-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ADOSADA.

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: Antonio Sabucedo Costa.

-Arquitecto técnico director: Arturo Miguel Para García.

-Coordinador de seguridade e saúde: Arturo Miguel Para García.

-Edificabilidade: 0,40 m^2/m^2.

-Altura máxima: SS + PB + Bc, 5,36 m.

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 30,83%. Recuamento ao eixo: 9,57 m. do eixo da vía. Recuamento a lindeiros: Adose a edificación existente. Pendente máxima de cuberta: 29,51º. Altura do cumio: 2,52 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.

-Presuposto: 90.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.800,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 90,65 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.010,65 euros.

1.2. A D. MIGUEL ÁNGEL PELAZ GARCÍA, licenza para obras de instalación de porche en vivenda existente, na finca situada en A Pedra, nº 7, parroquia de Recesende, segundo proxecto presentado o 09.08.2011 (rex. entrada nº 7177), redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.

Expediente núm: 55/12

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-As obras executaranse de acordo co proxecto presentado.

-Materializará a cesión obrigatoria para ampliación de viais que indica o artigo 171.b) da Lei do solo existente.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:

-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo de expansión de núcleo N-2 (Núcleo Rural Común).

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 3.444,76 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 68,90 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 128,90 euros.

1.3. A Dª. MARÍA CONCEPCIÓN BARBEITO LISTE, licenza para obras de reposición de tellas debido a rotura das mesmas, na vivenda sita en Osebe, nº 44, parroquia de Calo.
Expediente núm: 56/12
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estrutura da mesma.
-Axustaranse estritamente as condicións do informe favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Expte. 2011/815 CP).
-Manteranse estritamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:

-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto

produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo de núcleo rural tradicional N-1.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as

determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 2.400,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 48,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 108,00 euros.

1.4. A Dª. MARINA QUINTÁNS GARCÍA, licenza para obras de reparación do tellado (retirar tellas vellas e sustituilas por novas), na vivenda sita en Camiño Portugués, nº 14, Casalonga, parroquia de Calo.

Expediente núm: 57/12

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estrutura da mesma.

-Axustaranse estritamente as condicións do informe favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Expte. 2011/817 CP).

-Manteranse estritamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:

-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo de expansión de núcleo rural N-2.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 2.250,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 45,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 105,00 euros.

1.5. A GAS GALICIA SDG, S.A., licenza para obras de canalización soterrada de acometida particular de gas natural (65 ml.) na Travesía do Grilo, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 58/12.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.

-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.

-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.

-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 283,00 €.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Presuposto: 2.826,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 56,52 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 116,52 euros.

1.6. A GAS GALICIA SDG, S.A., licenza para obras de canalización soterrada de acometida particular de gas natural na Rúa Emilia Pardo Bazán, Montouto, parroquia de Cacheiras.
Expediente núm: 59/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.
-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 30,00 €.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Presuposto: 270,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 5,40 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 65,40 euros.

1.7. A Dª. DOLORES SÁNCHEZ PICÓN, licenza para segregación (tres parcelas) da finca nº 356 de Outeiro, parroquia de Oza, segundo proxecto técnico redactado por Brígida García Couto.

Superficie finca matriz: 5.271 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 356-A: 1.317,75 m^2. (superficie neta: 1.085,75 m^2)
-Parcela 356-B: 1.317,75 m^2. (superficie neta: 1.080,20 m^2)
-Parcela 356-C: 2.635,50 m^2. (superficie neta: 1.983,20 m^2)

Expediente núm: 60/12.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 13.02.2012 (rex. entrada nº 960), redactado pola técnica Brígida García Couto, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE

LICENZA DE APERTURA -INÓCUA (CON PUBLICACIÓN) DEFINITIVA

2.1.- Visto o expediente instruido ao efecto por **Dª. ANA PELETEIRO BANDÍN,** en representación de **FUNDACIÓN FOLTRA, ASOCIACIÓN** (**expte. AP-5/2010**), para o establecemento dun local destinado a CENTRO SANITARIO DE TERAPIAS REGENERATIVAS, en Travesía de Montouto, nº 24, Urbanización Braña dos Alféreces V, parroquia de Cacheiras.

Visto que a actividade conta con licenza provisional concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28.02.2011.

Visto que figura no expediente a documentación seguinte:

.-Informe do servizo de mantemento e conservación do alumeado público de data 24.10.2011.

.-Informe do servizo municipal de augas de data 15.11.2011.

.-Resolución da Consellería de Sanidade de data 16.02.2012 pola que se outorga a autorización de traslado e modificación de funcionamento do centro sanitario, así como a acreditación de inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia co número C-15-002173 (Autorizado o seu funcionamento por Resolución de data 17.06.2008).

.-Acta de comprobación de data 28.02.2012, redactada polo arquitecto municipal para o inicio da actividade.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Conceder a **Dª. ANA PELETEIRO BANDÍN,** en representación de **FUNDACIÓN FOLTRA, ASOCIACIÓN**, **licenza definitiva de actividade** para o establecemento dun local destinado a CENTRO SANITARIO DE TERAPIAS REGENERATIVAS, en Travesía de Montouto, nº 24, Urbanización Braña dos Alféreces V, parroquia de Cacheira, facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

LICENZA DE APERTURA –INÓCUA (SEN PUBLICACIÓN) DEFINITIVA.

2.2.- Dada conta do escrito asinado por **D. ALEXANDRE DUBRA FERNÁNDEZ,** de data 05.01.2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 71, no que solicita licenza para o establecemento dun local destinado a COMERCIO AO POR MENOR DE APARATOS E INSTRUMENTOS MÉDICOS, ORTOPÉDICOS, ÓPTICOS E FOTOGRÁFICOS, a emprazar en Travesía de Cacheiras, nº 29, parroquia de Cacheiras.

Vista a documentación presentada, asinada pola arquitecta técnica Clara Lema Rodríguez, na que se inclúe a certificación de solidez e seguridade, visada no colexio correspondente o 17.02.2012, o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 27.02.2012; e demais documentación obrante no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Conceder **a D. ALEXANDRE DUBRA FERNÁNDEZ** (expte. **AP-3/2012**) **licenza definitiva de actividade** para o establecemento dun local destinado a COMERCIO AO POR MENOR DE APARATOS E INSTRUMENTOS MÉDICOS, ORTOPÉDICOS, ÓPTICOS E FOTOGRÁFICOS, en Travesía de Cacheiras, nº 29, parroquia de Cacheiras, facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 659.3 por importe de: 46,65 euros.

Terceiro.- Aprobar a liquidación correspondente ao Imposto sobre construcións, instalacións e obras (2% do Presuposto de execución material: 11.963,59 euros) por importe de: 239,27 euros.

Cuarto.- Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

LICENZA DE APERTURA -INÓCUA (SEN PUBLICACIÓN) DEFINITIVA

2.3.- Visto o expediente instruido ao efecto por **Dª. CRISTINA FERNÁNDEZ CID** (**expte. AP-15/2011**), para o establecemento dun local destinado a MERCERÍA, en Travesía de Cacheiras, nº 62, baixo, parroquia de Cacheiras.

Visto que a actividade conta con licenza provisional concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.11.2011.

Visto que figura no expediente a documentación seguinte:

.-Certificado final de obra de data 20.02.2012, asinado polo técnico Antonio Jorge González.

.-Acta de comprobación de data 01.03.2012, redactada polos arquitectos técnicos municipais para o inicio da actividade.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Conceder a **Dª. CRISTINA FERNÁNDEZ CID**, **licenza definitiva de actividade** para o establecemento dun local destinado a MERCERÍA, en Travesía de Cacheiras, nº 62, baixo, parroquia de Cacheiras, facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

3. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 19 DE MARZO DE 2012 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 19 de marzo de 2012, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

Non asiste, previa excusa:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Alberto Iglesias Fungueiriño

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 06.03.2012 (RES. 132/12)

2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 20.02.2012 E DO 05.03.2012

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS

4.- LICENZAS DE ACTIVIDADE

5.- PROPOSTA DA ALCADÍA DE EXENCIÓN DO I.C.I.O. NA OBRA DE AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE BAMONDE E DESESTIMACIÓN DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS DA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DE COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS SOLICITADA POR D. XOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ CARREIRA

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 06.03.2012 (RES. 132/12).

Dase conta do Decreto da alcaldía de 6 de marzo de 2012 (res.132/12), relativo á reorganización das concellerias, tenencias da alcaldía e membros da Xunta de Goberno.

2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 20.02.2012 E DO 05.03.2012.

Acta da sesión ordinaria do día 20 de febreiro de 2012

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20/02/2012.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión ordinaria de 05 de marzo de 2012

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 05/03/2012.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía, Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente) acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 4 DE XUÑO DE 2012 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:55 horas do día 4 de xuño de 2012, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde acctal., D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Non asiste, previa excusa:

D. Martiño Noriega Sánchez

Arquitecto: D. Alberto Iglesias Fungueiriño

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.05.2012.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBES DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde acctal. declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.05.2012.

Acta da sesión ordinaria do día 21 de maio de 2012

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21/05/2012.

Intervén a Sra. Garea quen pon de manifesto que hai un erro nos asistentes á sesión, ao figurar D. Manuel Anxo Fernández Baz.

Non habendo máis observacións ao respecto e sometida a votación apróbase, por unanimidade dos presentes, a acta do 21/05/2012, coa corección advertida

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente) acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. MARCOS GONZÁLEZ COEGO, en representación de **MÁRMOLES DANIEL G.L. S.L.U.,** licenza para as modificacións introducidas ao proxecto para a construción dunha nave industrial destinada á instalación dunha serraría de pedra natural, granitos e mármoles, na rúa Clara Campoamor, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa.

Expediente núm: 114/12.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa; documentación técnica recollida en tres proxectos e, que describen os cambios do anterior proxecto básico e de execución visados estes polo Colexio Oficial de Arquitectos con datas 29.12.2011, 23.02.2012 e 30.03.2012.

-Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de posta en marcha ou de inicio de actividade, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos

mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de posta en marcha ou de inicio de actividade.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: U-7 SOLO URBANO INDUSTRIAL.

-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS EXISTENTES.

-Usos: NAVE INDUSTRIAL

-Arquitecto director das obras: Antonio Sabucedo Costa.

-Arquitecto técnico director: Arturo Miguel Para García.

-Coordinador de seguridade e saúde: Arturo Miguel Para García.

-Edificabilidade: 0,34 m^2/m^2.

-Altura máxima: B + 1 (7,20 m.)

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 33,77 %. Recuamento á aliñación: >5 m. Recuamento a lindeiros: 0 m. Pendente máxima de cuberta: 7,97º.

-Presuposto: 0,00 € (modificado sen incremento do presuposto orixinal).

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

2.2. A D. JOSÉ BROCOS NANDE, licenza para obras de cerramento no fronte de camiño, na finca 10646, 647 e 648 do polígono 515 e na finca 51 do polígono 503 en Cobas, segundo croquis que se presenta, con postes e alambre (Expediente de Reposición da legalidade urbanística Rep. 5/2012).
Expediente núm: 115/12
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello a fin de proceder ao arquivo do correspondente expediente de reposición, Rep. 5/2012.
-O cerre situarase á distancia mínima de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140 do PXOM.
-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica o artigo 20 do PXOM e normativa vixente.
-Dará cumprimento das condicións xerais de estética e integración ambiental que indica o artigo 103 do PXOM.
-En solo rústico sómente se permiten cerramentos vexetais ou con postes e arame, sen ningún tipo de fábrica ou cimentación, e cunha altura máxima de 1,80 m. Cando a parcela en solo rústico estivese edificada, os valos poderán presentar a mesma disposición que para solo de núcleos rurais.
-No caso de muros que soporten terras ou sexan muros de contención, tramitarase previamente licenza de obras en base ao proxecto técnico que indica o artigo 195.3 da Lei 9/2002 coas súas modificacións vixentes.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.
Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez

e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 871,08 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 17,42 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 77,42 euros.

2.3. A Dª. MARÍA CARMEN JORGE COSTA, licenza para obras de substitución de canalón e baixantes da edificación, arranxo do aleiro e pintura exterior en Solláns, nº 53, parroquia de Calo.

Expediente núm: 116/12

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estrutura da mesma.

-Axustaranse estrictamente as condicións do informe favorable da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura e Turismo (Expte. 327/12).

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:

-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado U-4.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- *En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.*

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 2.385,85 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 47,72 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 107,72 euros.

2.4. A D. LUIS MEJUTO MÉNDEZ, licenza para obras de pavimentar con formigón un treito de 10x1.80 metros en A Xesta, nº 45, parroquia de Calo.

Expediente núm: 117/12

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Instalarase unha tubaría de 40 centímetros de diámetro pegada ao cerre da finca, pavimentando a parte superior con material adecuado para soporte de vehículos.

-O firme sobre a canalización situarase na mesma cota da pista.

-Instalaranse dúas arquetas con reixa abatible de fundición sobre o tubo na cota adecuada para augas pluviais.

-Respectaranse as canalizacións dos servizos urbanísticos que existan.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo de expansión de núcleo N-2.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 273,60 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 5,47 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 65,47 euros.

2.5. A R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. e no seu nome e representación a D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO, licenza para obras de ampliación da rede soterrada de telecomunicacións existente na urbanización “Campos de Mirabel”, Galanas, parroquia de Calo.
Expediente núm: 118/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.
-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 550,12 €.
-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 5.501,18 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 110,02 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 170,02 euros.

2.6. A GAS GALICIA SDG, S.A., e no seu nome e representación a D. Antonio Martínez Martínez, licenza para obras de canalización soterrada de acometida particular de gas natural no lugr de A Póboa, nº 48, parroquia de Cacheiras.
Expediente núm: 119/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.
-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 22,80 €.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-Presuposto: 228,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4,56 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 64,56 euros.

2.7. A GAS GALICIA SDG, S.A., e no seu nome e representación a D. Antonio Martínez Martínez, licenza para obras de canalización soterrada de acometida particular de gas natural na Travesía de Montouto, nº 24, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 120/12.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.

-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.

-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.

-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 48,00 €.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de

residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Presuposto: 480,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 9,60 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 69,60 euros.

2.8. A D. JUAN MANUEL PÉREZ PAMIES, en representación de **PROMOCIONES ORALCO, S.L.**, licenza para segregación (catro parcelas) dunha parcela urbana sita en "Alto de Montouto", Montouto, parroquia de Cacheiras, con Referencia Catastral 15083A060000840001BZ, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel Fuentes López.

A presente segregación ten como obxeto deslindar o vial definido polo presente PXOM sobre a parcela urbana (ordenanza U-7/PXOM Teo) e sobre a que se asentan cinco naves industriais propiedade de Promociones Oralco, S.L., e simultaneamente unha parcelación dunha parcelas resultantes.
Aos efectos de definir a parcela de propiedade municipal (vial) e como consecuencia do expediente de legalización promovido por esta entidade sobre dúas das naves emprazadas sobre a parcela, hoxe obxecto de segregación, e baixo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.08.2011 e, no que se impoñía como requisito a urbanización do mesmo (vial) nos termos regulados pola legislación urbanística vixente; ou sexa, que a parcela (s) acade (n) a condición de solar.

Superficie finca matriz: 6.975 m^2 (parcela bruta).

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-PARCELA DE VIAL MUNICIPAL: 2.297,85 m^2
-PARCELA 1: 1.638,00 m^2
-PARCELA 2: 1.748,00 m^2
-PARCELA 3: 1.291,00 m^2

Sobre a PARCELA 1 aséntanse tres naves industriais. A primeira delas identificada co nº 3 da rúa Pena Escorredía e cunha extensión de 502 m^2. A segunda identificada co nº 5 da rúa Pena Escorredía e cunha extensión de 414 m^2. E a terceira nave identificada co nº 7 da rúa Pena Escorredía e cunha extensión de 522 m^2.

Sobre a PARCELA 2 aséntanse dúas naves industriais. A primeira delas identificada co nº 8 da rúa Pena Escorredía e cunha extensión de 964 m^2. A segunda identificada co nº 10 da rúa Pena Escorredía e cunha extensión de 784 m^2.

A PARCELA 3 encontrase exenta de edificación.

Expediente núm: 121/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 08.05.2012 (rex. entrada nº 3714), redactado polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel Fuentes López.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.9.- Escrito presentado por **D. JESÚS RODRÍGUEZ MONTOIRO** e **Dª. PATRICIA RUSO PAZ,** de data 25.01.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 529, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Considerando que con data de 13.07.2009 (rex. entrada nº 6.298), D. Jesús Rodríguez Montoiro e D.ª Patricia Ruso Paz solicitan licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Insúa P-3, parroquia de Luou, licenza que, previa a tramitación correspondente, lle foi concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 05.10.2009 (exped. 256/09).

Considerando que con data 24.02.2010 (rex. entrada nº 1.510) os promotores presentaron un proxecto modificado da vivenda unifamiliar cuxa licenza obtiveran con data de 05.10.2009, solicitando a correspondente licenza municipal para levar a cabo ditas obras, sen que polo concello se resolvera expresamente dita solicitude.

Considerando que o Concello estaba obrigado a resolver expresamente sobre a solicitude de modificación da licenza no prazo de tres meses e que, ao non adoptar aquela decisión no citado prazo, os promotores podían entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, unha vez transcorrido dito prazo, no entendemento de que as obras solicitadas eran conformes co planeamento aplicable, executando polo tanto as obras en cuestión conforme ao proxecto modificado presentado con data de 24.02.2010 (rex. entrada nº 1.510).

Considerando que, ao axustarse o proxecto modificado ás disposicións aplicables das NSPM de 1996 daquela vixentes, os promotores obtiveron por silencio administrativo a licenza urbanística do proxecto modificado de conformidade co previsto no artigo 195.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) e no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC), sen perxuízo da obriga do concello de ditar unha resolución expresa que, ao ter o silencio efectos estimatorios, so podería ser confirmatoria de aquel.

Considerando que as obras de construción da vivenda unifamiliar no lugar de Insúa, P-3, parroquia de Luou foron executadas conforme ao proxecto modificado cuxa licenza se solicitou con data de 24/02/2010 (rex. entrada nº 1.510).

Visto que figura no expediente acta de recepción de edificio terminado, de data 24/11/2011, (art. 20.4. da Lei 18/2008 de 29 de decembro de Vivenda de Galicia).

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 16.05.2012, o informe do asesor xurídico do concello, D. Xoaquín E. Monteagudo de data 18.05.2012, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente)), acorda:

Primeiro.- Considerar concedida por silencio administrativo a licenza solicitada por D. Jesús Rodríguez Montoiro e D.ª Patricia Ruso Paz, con data de 24/02/2010 (rex. entrada nº 1.510), de modificación da vivenda unifamiliar cuxa licenza foi concedida con data de 05/10/2009 (exped. 256/09), ao transcorrer o prazo de tres meses sen que se ditara resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 195 LOUGA en relación co artigo 43 LRJPAC.

Segundo.- Conceder a D. JESÚS RODRÍGUEZ MONTOIRO e Dª. PATRICIA RUSO PAZ, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-368-12/12), para unha vivenda unifamiliar, situada en Insua, nº 17 (P-3), parroquia de Luou, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 256/09, de data 05.10.2009 e a licenza municipal solicitada con data de 24.02.2010 (rex. entrada nº 1.510).

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Terceiro.- Aprobar as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 60,00 €.
-Imposto sobre construcións, instalacións e obras:
.-Liquidación final de obra executada: 97.457,00 euros.
.-Presuposto licenza nº 256/09: 94.866,00 euros.
.-Diferenza: 2.591,00 euros.
Tipo: 2% de 2.591,00 euros: 51,82 euros.
Total débeda: 51,82 euros.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.

2.10.- Visto o escrito presentado por **D. IVÁN GONZÁLEZ ABALO e Dª. CRISTINA VALIÑO HORTAS**, de data 09.05.2012, con rexistro de entrada número 3901, do 14.05.2012, no que solicita a corrección do erro detectado, en canto ao nome do coordinador de seguridade e saúde, no texto da licenza urbanística nº 78/12, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 02.04.2012 para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar.

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 02.04.2012 en relación co nome do coordinador de seguridade e saúde da licenza (exped. 78/12) (Luis Jaime Solla Fontán), correxíndose o mesmo por "Rosario Blanco Saavedra".

Segundo.- Dar conta deste acordo os interesados e ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25/05/2012 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Tendo en conta o importante papel que desenrrolan as asociacións veciñais para a defensa dos intereses que lles son propios.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e participación cidadá polas actividades realizadas durante o ano 2011, que presenta o Sr. Concelleiro de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 24/05/2012.

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-**Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e participación cidadá polas actividades realizadas durante o ano 2011*

***Segundo**- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

Teo, 25 de maio de 2012.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e participación cidadá polas actividades realizadas durante o ano 2011

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25/05/2012 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Considerando a necesidade de facilitar o acceso da xuventude do noso concello á educación, e de promover todo tipo de actividades que axuden ao seu estímulo.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2011, que presenta a Sra. Concelleira de Educación.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 25/05/2012.

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-**Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2011, que presenta a Sra. Concelleira de Educación.*

***Segundo**- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

Teo, 25 de maio de 2012.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de carácter educativo, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2011, que presenta a Sra. Concelleira de Educación.

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBES DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 28/05/2012 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Considerando a importancia de promover o deporte para mellorar a calidade de vida, as relacións sociais e a saúde da nosa veciñanza, especialmente entre os mais novos.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubes deportivos e deportistas federados, polas actividades realizadas durante o ano 2011, que presenta a Sr. Concelleiro de Transportes, Turismo, Emprego e Deportes.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 28/05/2012.

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.-**Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubes deportivos e deportistas federados, polas actividades realizadas durante o ano 2011, que presenta a Sr. Concelleiro de Transportes, Turismo, Emprego e Deportes.*

***Segundo**- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

Teo, 28 de maio de 2012.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubes deportivos e deportistas federados, polas actividades realizadas durante o ano 2011, que presenta a Sr. Concelleiro de Transportes, Turismo, Emprego e Deportes.

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

6. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde acctal. A secretaria

Rafael Carlos Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 18 DE XUÑO DE 2012 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:10 horas do día 18 de xuño de 2012, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Non asiste, previa excusa:

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

Arquitecto: D. Alberto Iglesias Fungueiriño

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 04.06.2012.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

4.- CONTRATACIÓN.

4.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA INDEZA, S.L. CORRESPONDENTE Á OBRA DENOMINADA "REFORMA

INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRIÑO, DA URBANIZACIÓN OS TILOS", PERTENCENTE AO F.E.I.L..

4.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. CORRESPONDENTE Á OBRA DENOMINADA "ADECUACIÓN DO VIAL ENTRE CACHEIRAS-NOENLLES-RÍO SANTA LUCÍA", PERTENCENTE AO F.E.I.L..

4.3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DENOMINADAS "ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCÍ-VILARIÑO", PERTENCENTES AO P.O.S. 2012.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN PARCIAL DE I.C.I.O. Á EMPRESA UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SEN ÁNIMO DE LUCRO , POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBES DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 04.06.2012.

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 04/06/2012.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Visto que figura no expediente a documentación seguinte:

.-Certificado final de obra asinado pola arquitecta Carmen Otero Alvarez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 29.08.2011.

.-Acta de comprobación de data 07.06.2012, redactada polos arquitectos técnicos municipais para o inicio da actividade.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda:

Primeiro.- Conceder a Dª. SIDNEIA CORREIA PARRONCKE, **licenza definitiva de actividade** para o establecemento dun local destinado a ULTRAMARINOS, en Travesía de Casalonga, nº 28, Baixo, parroquia de Calo, facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

LICENZA DE APERTURA -INÓCUA (CON PUBLICACIÓN) DEFINITIVA

3.3.- Visto o expediente instruido ao efecto por **D. JUAN MANUEL PÉREZ PAMIES,** en representación de **PROMOCIONES ORALCO S.L.** (**expte. AP-3/2011**), para licenza de apertura dunha NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A ALMACÉN DE PRODUCTOS METÁLICOS, NAVE B, en Rúa Pena Escorredía, nº 5, Montouto, parroquia de Cacheiras.

Visto que a actividade conta con licenza provisional concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22.08.2011, así como con licenza urbanística para o acondicionamento da nave (expte. 190/11).

Visto que figura no expediente a documentación seguinte:

.-Expediente fin de obra e Certificado final de obra asinados polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel Fuentes López, visados no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais en datas 28.02.2012 e 16.05.2012, respectivamente.

.-Informe do arquitecto municipal de data 30.05.2012 (inspeccionada a documentación técnica presentada e xirada visita ás instalacións o 15.05.2012).

.-Informes favorables emitidos polas empresas concesionarias dos servizos urbanísticos municipais (telefonía, electricidade, saneamento e abastecemento de auga, así como os preceptivos controles e informes sobre os elementos da urbanización).

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda:

Primeiro.- Conceder a D. JUAN MANUEL PÉREZ PAMIES, en representación de PROMOCIONES ORALCO S.L, **licenza definitiva de actividade** para o establecemento dunha NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A ALMACÉN DE PRODUCTOS METÁLICOS, NAVE B, en Rúa Pena Escorredía, nº 5, Montouto, parroquia de Cacheiras, facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

LICENZA DE APERTURA -INÓCUA (CON PUBLICACIÓN) DEFINITIVA

3.4.- Visto o expediente instruido ao efecto por **D. JUAN MANUEL PÉREZ PAMIES,** en representación de **PROMOCIONES ORALCO S.L.** (**expte. AP-4/2011**), para licenza de apertura dunha NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A ALMACÉN DE PRODUCTOS METÁLICOS, NAVE E-1, en Rúa Pena Escorredía, nº 8 B, Montouto, parroquia de Cacheiras.

Visto que a actividade conta con licenza provisional concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22.08.2011, así como con licenza urbanística para o acondicionamento da nave (expte. 191/11).

Visto que figura no expediente a documentación seguinte:

.-Expediente fin de obra e Certificado final de obra asinados polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel Fuentes López, visados no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais en datas 28.02.2012 e 16.05.2012, respectivamente.

.-Informe do arquitecto municipal de data 30.05.2012 (inspeccionada a documentación técnica presentada e xirada visita ás instalacións o 15.05.2012).

.-Informes favorables emitidos polas empresas concesionarias dos servizos urbanísticos municipais (telefonía, electricidade, saneamento e abastecemento de auga, así como os preceptivos controles e informes sobre os elementos da urbanización).

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda:

Primeiro.- Conceder a D. JUAN MANUEL PÉREZ PAMIES, en representación de PROMOCIONES ORALCO S.L, **licenza definitiva de actividade** para o establecemento dunha NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A ALMACÉN DE PRODUCTOS METÁLICOS, NAVE E-1, en Rúa Pena Escorredía, nº 8 B0, Montouto, parroquia de Cacheiras, facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

4.- CONTRATACIÓN.

4.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA INDEZA, S.L. CORRESPONDENTE Á OBRA DENOMINADA "REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRIÑO, DA URBANIZACIÓN OS TILOS", PERTENCENTE AO F.E.I.L.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 06/06/2012 relativa á devolución da garantía definitiva correspondente á obra de "Reforma integral da rúa Castiñeiriño, da urbanización Os Tilos", á empresa Indeza S.L..

O concelleiro de urbanismo, vivenda, infraestrutura e seguridade cidadá, Sr. Sisto, sinala que, pese a documentación incorporada ao expediente, antes de proceder á devolución da garantía resultaría preciso que se fixera unha visita de comprobación polos servizos técnicos municipais, e se emitira un informe ao efecto, habida conta das deficiencias que foron advertidas na citada obra.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno Local, por unamidade dos presentes, acorda a retirada do expediente ata que se proceda a emitir, previa visita de comprobación, un informe polos servizos técnicos municipais.

4.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. CORRESPONDENTE Á OBRA DENOMINADA "ADECUACIÓN DO VIAL ENTRE CACHEIRAS-NOENLLES-RÍO SANTA LUCÍA", PERTENCENTE AO F.E.I.L.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14/06/2012 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Vista a instancia presentada en data 25/05/2012 por D. Diego Nieto Barreiro, en representación de Construcciones Ponciano Nieto, S.L., pola cal solicita a devolución do aval correspondente á seguinte obra:

-Adecuación do vial Cacheiras-Noenlles-río Santa Lucía.

Visto o informe do director facultativo da obra, de data 12/06/2012, segundo o cal as obras se atopan en correcto estado transcorrido o prazo de garantía.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 13/06/2012, favorable á devolución.

E, en aplicación do artigo 90 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público e o art. 65 do RD 1098/2001,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituida pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. correspondente á obra "Adecuación do vial Cacheiras-Noenlles-río Santa Lucía" por importe de 8.660,84 €, devolvéndoselle o citado aval ao adxudicatario*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituida pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. correspondente á obra "Adecuación do vial Cacheiras-Noenlles-río Santa Lucía" por importe de 8.660,84 €, devolvéndoselle o citado aval ao adxudicatario

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

4.3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DENOMINADAS "ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCÍ-VILARIÑO", PERTENCENTES AO P.O.S. 2012.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 12/06/2012 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Visto o expediente de contratación iniciado por Providencia desta Alcaldía de data 06/06/2012 para adxudicar as obras denominadas ***"ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCI-VILARIÑO****", financiadas con cargo ao PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2012, aprobado pola Deputación Provincial de a Coruña.*

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

-Proxecto de obras, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Gilberto Rodríguez Rodríguez, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 24 de novembro de 2011.

-Acta de replanteo de data 11/06/2012

-Certificado de existencia de crédito de 17/04/2012

-Prego de cláusulas administrativas particulares de 11/06/12, de acordo co Prego-tipo aprobado pola Deputación para as obras comprendidas nos plans provinciais, que foron publicados no BOP nº 103 do 01/06/2012.

-Informe de adxunta a secretaría de 11/06/2012

-Informe de intervención de 12/06/2012

Visto o proxecto de obra denominado "ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCI-VILARIÑO", redactado polo enxeñeiro D. Gilberto Rodríguez Rodríguez, cun orzamento de execución por contrata de 236.093,37 €, dos que 200.079,13 € corresponden ó valor estimado do contrato e 36.014,24 € ao 18% de IVE.

Considerando o disposto nos artigos 109, 110 e 157 e seguintes do Texto Refundido da LCSP, e sendo competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda do citado Texto Refundido en relación co Decreto da alcaldía nº 410/11, de 14 de xuño.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con un único criterio de valoración, das obras denominadas* ***"ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCI-VILARIÑO****".*

Segundo.- *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 11/06/2012, que rexerá a contratación.*

Terceiro.- *Aprobar o gasto correspondente por importe de* ***236.093,37 €,*** *IVE engadido, (200.079,13 € de valor estimado do contrato mais 36.014,24 € de IVE), con cargo á partida orzamentaria 450/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.*

Cuarto.*- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no BOP, no perfil do contratante do Concello e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Quinto.- *Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que de acordo co establecido no Real Decreto 817/09, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público, estará constituída polos membros que se indican a continuación:*

Presidente: O alcalde ou concelleiro que o substitúa.

Vocais:

-A secretaria xeral do concello

-A interventora do concello

-O arquitecto municipal

-O concelleiro de urbanismo, vivenda e infraestruturas

-O concelleiro/a designado polo voceiro do grupo municipal do BNG

Secretaria:

A adxunta a secretaría xeral do concello

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as substitúan, o concelleiro de urbanismo, vivenda e infraestruturas polo concelleiro de servizos básicos, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal Luis Javier Castro Martínez e o concelleiro designado polo grupo municipal do BNG por outro concelleiro que designe o referido grupo. A secretaria da mesa será substituída polo funcionario municipal Luis Papiri Villanueva..

A composición da mesa deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Teo cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación, tal como establece o artigo 21.4 do citado RD 817/2009".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con un único criterio de valoración, das obras denominadas "ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCI-VILARIÑO".

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 11/06/2012, que rexerá a contratación.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente por importe de 236.093,37 €, IVE engadido, (200.079,13 € de valor estimado do contrato mais 36.014,24 € de IVE), con cargo á partida orzamentaria 450/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

Cuarto.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no BOP, no perfil do contratante do Concello e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que de acordo co establecido no Real Decreto 817/09, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público, estará constituída polos membros que se indican a continuación:

Presidente: O alcalde ou concelleiro que o substitúa.

Vocais:

-A secretaria xeral do concello

-A interventora do concello

-O arquitecto municipal

-O concelleiro de urbanismo, vivenda e infraestruturas

-O concelleiro/a designado polo voceiro do grupo municipal do BNG

Secretaria:

A adxunta a secretaría xeral do concello

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as substitúan, o concelleiro de urbanismo, vivenda e infraestruturas polo concelleiro de servizos básicos, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal Luis Javier Castro Martínez e o concelleiro designado polo grupo municipal do BNG por outro concelleiro que designe o referido grupo. A secretaria da mesa será substituída polo funcionario municipal Luis Papiri Villanueva.

A composición da mesa deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Teo cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación, tal como establece o artigo 21.4 do citado RD 817/2009.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN PARCIAL DE I.C.I.O. Á EMPRESA UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 11/06/2012 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a instancia presentada pola empresa UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN en data 11/05/2012 con nº RE 3.896, pola cal solicitaa devolución do importe ingresado en concepto do ICIO, correspondente ao expediente de licenza nº 53/12, que ascende a 846,93€ calculado sobre un orzamento de 42.346,28€, por non se ter executado a obra que deu lugar á liquidación citada.

Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal de data 05/06/2012. segundo o cal, a obra do expediente 53/12 foi executada parcialmente, por un importe de 3.101,76€.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 11/06/2012, segundo o cal, procedería a devolución do ICIO correspondente á parte da obra non executada, de xeito que o importe a devolver ascende a 784,90€.

Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos artigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

***Primeiro**.- Estimar parcialmente a solicitude presentada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN en data 14/05/2012 e nº RE3896 , e recoñecerlle o dereito á devolución parcial do ICIO correspondente ao expediente de licenza nº53/12, por importe de 784,90€, que corresponde á parte non executada do orzamemento total inicial que ascendía a 42.346,28€, deducindo, dos termos da solicitude, que se desiste de executar a totalidade da obra.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo á empresa interesada, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.*

***Terceiro**.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente a solicitude presentada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN en data 14/05/2012 e nº RE3896 , e recoñecerlle o dereito á devolución parcial do ICIO correspondente ao expediente de licenza nº53/12, por importe de 784,90€, que corresponde á parte non executada do orzamemento total inicial que ascendía a 42.346,28€, deducindo, dos termos da solicitude, que se desiste de executar a totalidade da obra.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á empresa interesada, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SEN ÁNIMO DE LUCRO , POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 12/06/2012 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a proposta de corrección de erros de data 11/06/2012, formulada polo Concelleiro de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal en relación ás BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011, que, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 21/05/2012, foron publicadas no BOP nº107 de data 07/06/2012,

Considerando que, segundo o disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, RXPAC, as Administracións Públicas poden rectificar en calquer momento os erros materiais existentes nos seus actos,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- *Aprobar a corrección de erros proposta polo Concelleiro de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadán de data 11/06/2012, de xeito que as BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011, queden redactadas como segue:*

-No primeiro paragrado da base 1ª, on di *:*

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por entidades educativas, asociación de país e nais, asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, pola realización de actividades de carácter educativo, de promoción da igualdade de xénero e temática social no ano 2011, con cargo á partida orzamentaria 230/480.00 por un importe total de 11.300 euros.

Debe dicir*:*

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por , asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, de promoción da igualdade de xénero e temática social no ano 2011, con cargo á partida orzamentaria 230/480.00 por un importe total de 11.300 euros.

-No paragrafo primeiro da segunda base, on di:

As entidades educativas, asociación de país e nais, asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, todas elas sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Teo.

Debe dicir:

As asociacións promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, todas elas sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Teo.

-No penultimo paragrafo da base 8ª, onde di:

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal que a presidirá, a concelleira Delegada de Deportes, Cultura, Comunicación Social e Mocidade, e a coordinadora do servizos sociais comunitarios, a psicóloga municipal, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

***Debe dicir**:*

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal que a presidirá, a concelleira Delegada de Educación, e a coordinadora do servizos sociais comunitarios, a psicóloga municipal, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

***Segundo**.- publicar a citada corrección no Boletín Oficial da Provincia a efectos de xeral coñecemento"."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Aprobar a corrección de erros proposta polo Concelleiro de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadán de data 11/06/2012, de xeito que as BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011, queden redactadas como segue:

-No primeiro paragrado da base 1ª, on di :

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por entidades educativas, asociación de país e nais, asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, pola realización de actividades de carácter educativo, de promoción da igualdade de xénero e temática social no ano 2011, con cargo á partida orzamentaria 230/480.00 por un importe total de 11.300 euros.

Debe dicir:

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por , asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, de promoción da igualdade de xénero e temática social no ano 2011, con cargo á partida orzamentaria 230/480.00 por un importe total de 11.300 euros.

-No paragrafo primeiro da segunda base, on di:

As entidades educativas, asociación de país e nais, asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, todas elas sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Teo.

Debe dicir:

As asociacións promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, todas elas sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Teo.

-No penultimo paragrafo da base 8ª, onde di:

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal que a presidirá, a concelleira

Delegada de Deportes, Cultura, Comunicación Social e Mocidade, e a coordinadora do servizos sociais comunitarios, a psicóloga municipal, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

Debe dicir:

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleiro delegado de Benestar Social, Igualdade e Participación Veciñal que a presidirá, a concelleira Delegada de Educación, e a coordinadora do servizos sociais comunitarios, a psicóloga municipal, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

Segundo.- publicar a citada corrección no Boletín Oficial da Provincia a efectos de xeral coñecemento.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBES DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14/06/2012 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Vista a proposta de corrección de erros de data 14/06/2012, formulada polo Concelleiro de Transporte, Emprego, Turismo e Deportes en relación ás BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011, que, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 04/06/2012, foron publicadas no BOP nº112 de data 14/06/2012,

Considerando que, segundo o disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, RXPAC, as Administracións Públicas poden rectificar en calquer momento os erros materiais existentes nos seus actos,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- *Aprobar a corrección de erros proposta polo Concelleiro de Transporte, Emprego, Turismo e Deportes , de data 14/06/2012, de xeito que as BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011 queden redactadas como segue:*

-No encabezamento, on dí:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010.

-Debe dicir:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

-Na base 6ª apartado 1) , último paragrafo onde di:

No punto c) valorarase só a actividade da maior rango. No punto d) entendense por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello.

-Debe dicir:

Nos puntos c) e d) valorarase só a actividade da maior rango. No punto e)entendense por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello

-Na base 6ª apartado 3), onde dí:

a)Máxima categoría onde competiu no ano 2010. Ata 5 puntos.

-Debe dicir:

a)Máxima categoría onde competiu no ano 2011. Ata 5 puntos

-Na base6ª apartado 3), onde dí:

b) Máximos resultados obtidos no ano 2010. Ata 5 puntos.

-Debe dicir:

b) Máximos resultados obtidos no ano 2011. Ata 5 puntos.

-Na base 6ª apartado 3), último parágrafo, onde dí:

Os puntos nos apartados a) b) e c) non son acumulables polo que só se terá en conta a competición ou o premio de maior superior.

Debe dicir:

Os puntos nos apartados a)b) e c) non son acumulables polo que só se terá en conta a categoría e resultado superior.

-Na base 8ª, onde dí:

As solicitudes dirixiranse á Concelleira Delegada de Cultura, Deportes, Comunicación Social e Mocidade nos prazos indicados no punto 4ºdas presentes bases.

Debe dicir:

As solicitudes dirixiranse ao Concelleiro de Transportes, Emprego, Turismo e Deportes nos prazos indicados no punto 4ºdas presentes bases.

-Na base 8ª, onde dí:

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de valoración constituída pola Concelleira Delegada de Deportes, Cultura, Comunicación Social e Mocidade, que a presidirá, a Concelleira Delegada de Educación e Benestar, o coordinador deportivo municipal e a animadora deportiva municipal, que actuará tamén como secretaria na Comisión de valoración.

Debe dicir:

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de valoración constituída pola Concelleiro Delegado de Transportes, Emprego, Turismo e Deportes, que a presidirá, a Concelleira Delegada de Educación, o coordinador deportivo municipal e a técnica deportiva municipal, que actuará tamén como secretaria na Comisión de valoración.

Segundo.- *publicar a citada corrección no Boletín Oficial da Provincia a efectos de xeral coñecemento".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Aprobar a corrección de erros proposta polo Concelleiro de Transporte, Emprego, Turismo e Deportes , de data 14/06/2012, de xeito que as BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011 queden redactadas como segue:

-No encabezamento, on dí:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010.

-Debe dicir:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2011.

-Na base 6ª apartado 1) , último paragrafo onde di:

No punto c) valorarase só a actividade da maior rango. No punto d) entendense por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello.

-Debe dicir:

Nos puntos c) e d) valorarase só a actividade da maior rango. No punto e)entendense por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello

-Na base 6ª apartado 3), onde dí:

a)Máxima categoría onde competiu no ano 2010. Ata 5 puntos.

-Debe dicir:

a)Máxima categoría onde competiu no ano 2011. Ata 5 puntos

-Na base6ª apartado 3), onde dí:

b) Máximos resultados obtidos no ano 2010. Ata 5 puntos.

-Debe dicir:

b) Máximos resultados obtidos no ano 2011. Ata 5 puntos.

-Na base 6ª apartado 3), último parágrafo, onde dí:

Os puntos nos apartados a) b) e c) non son acumulables polo que só se terá en conta a competición ou o premio de maior superior.

Debe dicir:

Os puntos nos apartados a)b) e c) non son acumulables polo que só se terá en conta a categoría e resultado superior.

-Na base 8ª, onde dí:

As solicitudes dirixiranse á Concelleira Delegada de Cultura, Deportes, Comunicación Social e Mocidade nos prazos indicados no punto 4ºdas presentes bases.

Debe dicir:

As solicitudes dirixiranse ao Concelleiro de Transportes, Emprego, Turismo e Deportes nos prazos indicados no punto 4ºdas presentes bases.

-Na base 8ª, onde dí:

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de valoración constituída pola Concelleira Delegada de Deportes, Cultura, Comunicación Social e Mocidade, que a presidirá, a Concelleira Delegada de Educación e Benestar, o coordinador deportivo municipal e a animadora deportiva municipal, que actuará tamén como secretaria na Comisión de valoración.

Debe dicir:

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de valoración constituída pola Concelleiro Delegado de Transportes, Emprego, Turismo e Deportes, que a presidirá, a Concelleira Delegada de Educación, o coordinador deportivo municipal e a técnica deportiva municipal, que actuará tamén como secretaria na Comisión de valoración.

Segundo.- publicar a citada corrección no Boletín Oficial da Provincia a efectos de xeral coñecemento.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 2 DE XULLO DE 2012 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:35 horas do día 2 de xullo de 2012, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Alberto Iglesias Fungueiriño

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.06.2012

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE

4.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS URBANÍSTICOS

5.- CONTRATACIÓN. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.06.2012.

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 18/06/2012.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente) acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, licenza para ampliación do CEIP de Calo, en A Igrexa, parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polos arquitectos Guillermo Miranda Blanco e Javier Aballe Lago, supervisado polos servizos da Xunta de Galicia.

Expediente núm: 132/12.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Guillermo Miranda Blanco e Javier Aballe Lago e supervisado polos servizos da Xunta de Galicia.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- No presente caso non se precisa a formalización de aval/garantía sobre obras ordinarias de urbanización de fronte de parcela nin sobre servizos urbanos afectados, toda vez que a parcela, urbana, ten resoltas todas as acometidas ás redes municipais e ten garantizado o fronte da parcela e, todo elo de acordo co establecido ao respecto polo artigo 19 da LOUG.
.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: U-3. SOLO URBANO BAIXA DENSIDADE.

-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.

-Usos: CENTRO DOCENTE. DOTACIONAL.

-Arquitecto director das obras: Guillermo Miranda Blanco e Javier Aballe Lago.

-Arquitecto técnico director: Unidade Técnica Xunta de Galicia.

-Coordinador de seguridade e saúde: Unidade Técnica Xunta de Galicia.

-Edificabilidade: 0,22 m^2/m^2.

-Altura máxima: B (5.20 m.)

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 14,50% (177,64 m^2). Recuamento á aliñación: Ampliación, non afecta á aliñación. Recuamento a lindeiros: Cumpre. Pendente máxima de cuberta: 5º. Uso baixo cuberta: Non.

-Presuposto: 616,800,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 12.336,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 1.572,98 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 14.028,98 euros

2.2. A D. JAVIER RODRÍGUEZ SUÁREZ, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, en Regoufe, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto Pablo Castro Pais.

Expediente núm: 133/12.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Pablo Castro Pais: Proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada, con data de visado no Colexio Oficial de Arquitectos 16.03.2012 (Proxecto básico e de execución) e o os dous anexos posteriores visados o 04.05.2012 e o 18.06.2012.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto

produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N-1 SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Pablo Castro Pais.
-Arquitecto técnico director: José Manuel Fernández Castro.
-Coordinador de seguridade e saúde: José Manuel Fernández Castro.
-Edificabilidade: 0,31 m^2/m^2.
-Altura máxima: S+PB+BC (5,60 m).
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 14,64% p. neta. Recuamento ao eixo: 13,80 m. do eixo da vía. Recuamento a lindeiros: >3 m. Pendente máxima de cuberta: 21º. Altura do cumio: 3,80 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 126.998,93 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 2.539,98 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.856,80 euros

2.3. A GALP ENERGÍA ESPAÑA, S.A.U., representada por **D. CLODOALDO VALDECANTOS MONTEJOS,** licenza para obras de reforma do sistema de tratamento de augas residuais-fecais na Estación de Servizo Compostela, sita na AP-9, Km. 81, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro ténico industrial Carlos García Pons.
Expediente núm: 134/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo co proxecto técnico presentado o 07.03.2012 (rex. entrada nº 1630), redactado polo enxeñeiro ténico industrial Carlos García Pons e visado no colexio correspondente en data 27.02.2012.

2.27. A Dª. CARMEN CALVO ORTIGUEIRA, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 536-A de Casal de Reis, parroquia de Raris, segundo proxecto técnico redactado por Santiago Alonso Barral.

Superficie finca matriz: 9.777 m^2

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:
-Finca 536-A: 5.690,00 m^2 (superficie neta: 5.363,00 m^2); 4.482 m^2 en N-1 e 881 m^2 en N-2
-Finca 536-A-1: 4.087,00 m^2 (superficie neta: 3.712,00 m^2); 1.168 m^2 en N-1 e 2.544 m^2 en N-2

Expediente núm: 189/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 20.04.2012 (rex. entrada nº 3104), redactado por Santiago Alonso Barral.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.28. A Dª. CARMEN TARRIO IGLESIAS, en representación de **HERDEIROS DE TARRIO IGLESIAS**, licenza para agrupación e segregación (sete parcelas) das fincas nº 492-1 e 492-2 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Reis, segundo proxecto técnico redactado por Francisco Javier Bellett García.

Superficie fincas iniciais: 492-1: 7.740 m^2
492-2: 5.920 m^2

TOTAL: 13.660 m^2

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:
-Finca 492: 6.988 m^2 (superficie neta: 6.489 m^2)
-Finca 492-A: 697 m^2 (superficie neta: 629 m^2)
-Finca 492-B: 1.451 m^2 (superficie neta: 1.395 m^2)
-Finca 492-C: 1.456 m^2 (superficie neta: 1.395 m^2)
-Finca 492-D: 1.024 m^2 (superficie neta: 980 m^2)
-Finca 492-E: 1.024 m^2 (superficie neta: 980 m^2)
-Finca 492-F: 1.024 m^2 (superficie neta: 980 m^2)

Expediente núm: 190/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 15.05.2012 (rex. entrada nº 3947), redactado por Francisco Javier Bellett García, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 e solo de núcleo rural tradicional N-1 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vivente.
-Respectaranse os viais públicos e as servidumes existentes sobre as fincas resultantes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 420,00 €.

Neste momento abandona a sala o Sr. Iglesias Villar

2.29. A D. LUIS IGLESIAS VILLAR, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 1681 de Casalonga, parroquia de Calo, segundo proxecto técnico redactado por Francisco Xabier Liñares Túñez, Alfonso Salgado Suárez e Manuel Liñares Túñez.

Superficie finca matriz: 1.280 m^2

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:
-Finca 1681-1: 645,80 m^2. (superficie neta: 600,00 m^2)
-Finca 1681-2: 634,20 m^2. (superficie neta: 602,00 m^2)

Expediente núm: 191/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 03.05.2012 (rex. entrada nº 3561), redactado por Francisco Xabier Liñares Túñez, Alfonso Salgado Suárez e Manuel Liñares Túñez, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vivente.
-Respectaranse as aliñacións oficiais e as vías públicas existentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

Neste intre volve a entrar na sala o Sr. Iglesias Villar

2.30. A D. JESÚS MARTÍNEZ LÓPEZ e Dª. MARÍA CELESTE FIGUEROA MOSQUERA, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 137; 138-139 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Luou, segundo proxecto técnico redactado por Juan Carlos Vilariño Santos.

Superficie fincas iniciais: nº 137 -3.840m^2 (3.650 m^2 –medición real despois da cesión para viais)

nº 138-139: 1.620 m^2

SUMA: 5.270 m^2

Segregación de 1.194 m^2 da finca 137: (nº 137-1 …….. 1.194 m^2 –Sup. Neta en N-2 = 1.194 m^2)
Agrupación da 137-1 coa 138-139: (nº 137-1+138-139 …2.814 m^2 –Sup. Neta en N-2 = 2.281 m^2

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:
-Finca 137-matriz: 2.456 m^2 .
-1.168 m^2 de superficie neta en N-2
-1.272 m^2 en solo rústico R-2
-16 m^2 cesión viais

-Finca (137-1) +138-139: 2.814 m^2 .
-2.281 m^2 en solo N-2
-533 m^2 en solo Rústico R-2

Expediente núm: 192/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 30.04.2012 (rex. entrada nº 3394), redactado por Juan Carlos Vilariño Santos, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo rural N-2 e Solo rústico de protección agropecuaria R-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vivente.
-Respectaranse os viais públicos e servidumes existentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.31. A Dª. ROSALIA GALLEGO CIDONCHA, en representación de **PROMOTORA PRIMAVERA ESMERALDA, S.L.**, licenza para segregación (catro parcelas) da finca nº 459 do plano de concentración parcelaria da zona de Santa María de Luou, no lugar de Bustelo, segundo proxecto técnico redactado por Juan C. Vilariño Santos.

Superficie fincas matriz: 2.710 m^2

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:
-Finca 459-Matriz: 714,00 m^2 . (superficie neta: 640,00 m^2)
-Finca 459-A: 704,00 m^2 . (superficie neta: 617,00 m^2)
-Finca 459-B: 865,00 m^2 . (superficie neta: 622,00 m^2)
-Finca 459-C: 427,00 m^2 . (superficie neta: 384,00 m^2)

-Faise constar o carácter indivisible das catro parcelas resultantes, de acordo co establecido polo artigo 205 da LOUG.

Considerando que a Xunta de Goberno Local, con data 13/12/10, concedeu licenza á Promotora Primavera Esmeralda S.L. para segregación e agrupación de fincas (dúas parcelas) en Bustelo, parroquia de Luou, segundo proxecto asinado pola arquitecta María Luisa García Gil (expte. 261/10).

Considerando que a Xunta de Goberno Local, con data 04/07/2011, concedeu licenza a esta mesma promotora para unha segregación urbanística da parcela A-2 (459) de Bustelo, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo ténico Jesús Franciso Nieto Pais (expte. 161/11).

En virtude o exposto, unha vez autorizada a presente segregación (expdte. 193/12), modifícanse as licenzas anteriores, deixándose sen efecto as licenzas concedidas o 13/12/10 (expte. 261/10) e o 04/07/2011 (expte. 161/11).

Expediente núm: 193/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 03.08.2012 (rex. entrada nº 7019), redactado por Juan C. Vilariño Santos.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.
2.32.- Escrito presentado por **D. EMILIO DE VICENTE NOGUEIRA,** de data 20.06.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 5641, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 26.07.2012, o informe xurídico de Secretaría de data 13.08.2012, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda, conceder a D. EMILIO DE VICENTE NOGUEIRA, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-386-15/12), para unha vivenda unifamiliar situada en A Pedreira, nº 35, parroquia de Calo, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 77/07, de data 25.05.2007.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 90,00 €.
-Imposto sobre construcións, instalacións e obras:
.-Liquidación final de obra executada: 147.000,00 euros.
.-Presuposto licenza nº 77/07: 100.895,97 euros.
.-Diferenza: 46.104,03 euros.
Tipo: 2% de 42.892,15 euros: 922,08 euros.
Total débeda: 922,08 euros.

2.33.- Escrito presentado por **D. JOSÉ MANUEL TARRIO IGLESIAS,** de data 28.06.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 5955, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 26.07.2012, o informe xurídico de Secretaría de data 13.08.2012, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda, conceder a D. JOSÉ MANUEL TARRIO IGLESIAS, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-

387-16/12), para unha vivenda unifamiliar situada en Insua, nº 8, parroquia de Luou, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 216/09, de data 17/08/2009.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 90,00 €.

2.34.- Escrito presentado por **D. JOSÉ MANUEL GÓMEZ ÁLVAREZ,** de data 06.07.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 6204, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto que figura no expediente acta de recepción de edificio terminado, de data 08.06.2012, (art. 20.4. da Lei 18/2008 de 29 de decembro de Vivenda de Galicia).

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 08.08.2012, o informe xurídico de Secretaría de data 13.08.2012, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda, conceder a D. JOSÉ MANUEL GÓMEZ ÁLVAREZ, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-390-17/12), para unha vivenda unifamiliar situada en Bouñou, nº 29, parroquia de Raris, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 265/10, de data 27.10.2010.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 120,00 €.

2. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

3. ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos, de orde da Presidencia acctal., levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde acctal. A secretaria xeral

Rafael Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 3 DE SETEMBRO DE 2012 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:00 horas do día 3 de setembro de 2012, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20.08.12**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **LICENZAS DE ACTIVIDADE**
4. **CONTRATACIÓN:**
   - 4.1. **PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA INDEZA S.L., CORRESPONDENTE Á OBRA DENOMINADA "REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO, DA URBANIZACIÓN OS TILOS", PERTENCENTE AO F.E.I.L.**
   - 4.2. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CLASIFICACIÓN DE PROPOSICIÓNS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCÍ-VILARIÑO"**
5. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO**

6. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

7. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20.08.12

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20.08.12.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente) acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.
As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. ANDRÉS RUANOVA FRAGA, licenza para as modificacións a realizar sobre o proxecto para a construción de dúas naves (nave A e nave B) con licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno local en sesión de data 16.05.2011, expediente nº 94/11 e que concerñe tan só á nave A, na parcela nº 2258, Monte do Medio, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto Julio Vázquez Suárez.
As modificacións tan só afectan a cuestións constructivas; cambio do solado da nave, do material da cobertura, así como as dimensións dos paneis de fachada e unha serie de cuestións de pouca entidade constructiva (supresión de arqueta de bombeo, 2 novos portais de entrada a nave).
Expediente núm: 194/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Julio Vázquez Suárez: Proxecto básico e de execución modificado 2 de dúas naves para almacén – Modificado nave A, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 16.03.2012, así como o anexo visado o 17.07.2012.
Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e

nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: R-3 SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓNFORESTAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.
-Usos: ALMACÉN DE MADEIRA
-Arquitecto director das obras: Julio Vázquez Suárez.
-Arquitecto técnico director: Jesús Sánchez García.
-Coordinador de seguridade e saúde: Myriam de Vicente y de Vicente.
Mántense a fica urbanística que concerñe ao proxecto orixinal e que se refire a totalidade da obra, ou sexa ás dúas naves.
-Presuposto: 0 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

2.2. A D. SALVADOR NOYA NEIRO, licenza para obras de acondicionamento de local destinado a comercio de electrónica e electricidade, en Travesía de Cacheiras, nº 33, baixo nº 3, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro.
Expediente núm: 195/12
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-As obras axustaranse ao proxecto presentado o 12.06.2012 (rex. de entrada nº 5169): Proxecto de actividade e acondicionamento de local para comercio de electrónica e electricidade, redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro e visado no colexio correspondente, dando cumprimento das condicións de accesibilidade e demais normativa sectorial vixente.
-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán á estrutura da mesma.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:
-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado (ordenanza U-5).

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 10.620,09 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 212,40 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 272,40 euros.

2.3. A D. SALVADOR NOYA NEIRO, licenza para obras de acondicionamento de local destinado a oficina técnica, en Travesía de Cacheiras, nº 39, baixo, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro.
Expediente núm: 196/12
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-As obras axustaranse ao proxecto presentado o 12.06.2012 (rex. de entrada nº 5166): Proxecto de actividade e acondicionamento de local para oficina técnica, redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro e visado no colexio correspondente, dando cumprimento das condicións de accesibilidade e demais normativa sectorial vixente.
-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán á estrutura da mesma.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:
-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.
-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.
-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado (ordenanza U-5).
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.
Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM
-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.
-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.
-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.
-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.
-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.
- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 6.595,93 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 131,32 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 191,32 euros.

2.4. A GAS GALICIA SDG, S.A., licenza para obras de canalización soterrada ao longo da estrada autonómica AC-841 e, en parte por viario municipal, para dar servizo á Rúa Cruceiro da Ramallosa, parroquia de Lucí.
Expediente núm: 197/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.
-Figura no expediente aval como garante á reposición dos béns municipais afectados por importe de 1.123,00 €.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Presuposto: 11.229,06 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 224,58 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 284,58 euros.

2.5. A GAS GALICIA SDG, S.A., licenza para realizar unha calicata sobre condución soterrada de gas natural sobre beirarrúa ubicada na Rúa Campiño de Campelo, nº 13, A Ramallosa, parroquia de Lucí.
Expediente núm: 198/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas; sección de zanxa, materiais, etc.
-A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m. en cruces e 0,40 m. en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m. en cruces e 0,40 en paralelo para Media Presión B e Baixa Presión.
-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.
-Figura no expediente aval como garante á reposición dos béns municipais afectados por importe de 70,50 €.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de

iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Presuposto: 705,25 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 14,10 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 74,10 euros.

2.6. A Dª. MARÍA DE LOS ÁNGELES LOSADA GALLEGO, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 709 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Luou, situada en Caxade, segundo proxecto técnico redactado por José Luis Rodríguez González.

As fincas matriz e resultante, segundo datos do proxecto presentado son:

Finca matriz: 5.910,00 m^2

-Parcela 702-matriz: (resto) 3.067,79 m^2 (ordenanza N-1). Superficie neta: 2.972,73 m^2
-Parcela 702-A: 2.547,12 m^2.(ordenanza N-2). Superficie neta: 2.547,12 m^2
-Parcela 702-B (cesión viales): 295,09 m^2 (cesión para vial na zona da parcela A)

Expediente núm: 199/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 28.05.2012 (rex. entrada nº 4427), redactado por José Luis Rodríguez González.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.7.- Escrito presentado por **D. ROBERTO MIGUEL MIDÓN MARTÍNEZ,** de data 21.08.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 7388, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 27.08.2012, o informe xurídico de Secretaría de data 31.08.2012, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda, conceder a D. ROBERTO MIGUEL MIDÓN MARTÍNEZ, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-394-18/12), para unha vivenda unifamiliar situada en Feros, nº 105, parroquia de Cacheiras, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 178/00, de data 23.05.2000.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 120,00 €.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.
LICENZA DE APERTURA –INÓCUA (SEN PUBLICACIÓN) PROVISIONAL
3.1.- Dada conta do escrito presentado por **D. SALVADOR NOYA NEIRO,** de data 12.06.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 5166, no que solicita licenza para o establecemento dun local comercial destinado a OFICINA TÉCNICA, a emprazar en Travesia de Cacheiras, nº 39, Baixo, parroquia de Cacheiras.
Visto o proxecto presentado o 12.06.2012 (rex. entrada nº 5166), redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro, visado polo Colexio correspondente, así como a certificación técnica de solidez e seguridade.

Visto o informe favorable do técnico municipal de data 14.06.2012, o informe de Secretaría de data 31.08.2012 e demais documentación obrante no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda:

Primeiro.- Conceder a **D. SALVADOR NOYA NEIRO** (expte. AP-9/2012) **licenza provisional de actividade** para o establecemento dunha OFICINA TÉCNICA, en Travesia de Cacheiras, nº 39, Baixo, parroquia de Cacheiras, segundo o proxecto presentado o 12.06.2012 (rex. entrada nº 5166), redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro, visado polo Colexio correspondente, facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garantan o funcionamento da actividade.

Segundo.- **O exercicio da actividade non se poderá iniciar ata que non sexa concedida a licenza definitiva de actividade,** para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que a interesada deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico responsable das instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

Terceiro.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correspondente ao epígrafe 843.9 por importe de: 132,81 euros.

Cuarto.- Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

LICENZA DE APERTURA –INÓCUA (SEN PUBLICACIÓN) PROVISIONAL

3.2.- Dada conta do escrito presentado por **D. SALVADOR NOYA NEIRO,** de data 12.06.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 5169, no que solicita licenza para o establecemento dun local comercial destinado a COMERCIO DE ELECTRÓNICA E ELECTRICIDADE, a emprazar en Travesia de Cacheiras, nº 33, Baixo, parroquia de Cacheiras.
Visto o proxecto presentado o 12.06.2012 (rex. entrada nº 5169), redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro, visado polo Colexio correspondente, así como a certificación técnica de solidez e seguridade.

Visto o informe favorable do técnico municipal de data 14.06.2012, o informe de Secretaría de data 31.08.2012 e demais documentación obrante no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda:

Primeiro.- Conceder a **D. SALVADOR NOYA NEIRO** (expte. AP-10/2012) **licenza provisional de actividade** para o establecemento dun COMERCIO DE ELECTRÓNICA E ELECTRICIDADE, en Travesia de Cacheiras, nº 33, Baixo, parroquia de Cacheiras, segundo o proxecto presentado o 12.06.2012 (rex. entrada nº 5169), redactado polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro, visado polo Colexio correspondente, facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garantan o funcionamento da actividade.

Segundo.- **O exercicio da actividade non se poderá iniciar ata que non sexa concedida a licenza definitiva de actividade,** para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que a interesada deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico responsable das instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

Terceiro.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correspondente ao epígrafe 504.7 por importe de: 37,33 euros.

Cuarto.- Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

4.- CONTRATACIÓN.

4.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA INDEZA S.L., CORRESPONDENTE Á OBRA DENOMINADA "REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO, DA URBANIZACIÓN OS TILOS", PERTENCENTE AO F.E.I.L..

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 27/08/12 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por Dª Patricia Fernández Taboada en representación da empresa INDEZA EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL SL, pola que se solicita a devolución do aval presentado como garantía definitiva da obra "REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO NA URBANIZACIÓN DE OS TILOS", por un importe de 20.258,62€

Considerando que dende esta Alcaldía se elevara á Xunta de Goberno Local de data 18/06/2012 a proposta de devolución do citado aval baseandose en que as obras estaban recepcionadas e tivera transcorrido o prazo de garantía, así como no informe favorable do director facultativo da obra de data 04/07/2011 e no informe de intervención de data 05/06/2012.

Considerando que na mesma sesión se acordou solicitar un novo informe aos servizos técnicos municipais, xa que o concelleiro manifesta a súa disconformidade coa execución da obra, dando lugar á emisión do informe do aparellador municipal de data 26/06/2012 e informe do arquitecto municipal de data 30/07/2012, sendo ambos desfavorables á devolución por terse detectado defectos no firme do pavimento que deben ser reparados previa devolución do aval solicitado.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto, de data 27/08/2012, desfavorable á devolución por entender que se deben solventar as deficiencias previa devolución do aval.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Denegar a devolución da garantía definitiva constituida pola empresa INDEZA EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL SL, correspondente ao contrato da obra REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO NA URBANIZACIÓN DE OS TILOS, en tanto non sexan solventadas as deficiencias detectadas na mesma polo servicios técnicos municipais.

Segundo.- Notificar o presente á empresa con sinalamento dos recursos pertinentes.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11, 126/12 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Denegar a devolución da garantía definitiva constituida pola empresa INDEZA EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL SL, correspondente ao contrato da obra REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO NA URBANIZACIÓN DE OS TILOS, en tanto non sexan solventadas as deficiencias detectadas na mesma polo servicios técnicos municipais.

Segundo.- Notificar o presente á empresa con sinalamento dos recursos pertinentes.

4.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CLASIFICACIÓN DE PROPOSICIÓNS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCÍ-VILARIÑO".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 31/08/12 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación mediante procedemento aberto, cun único criterio de valoración, incoado por Providencia da Alcaldía de 06/06/12, para adxudicar as obras denominadas **"ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCÍ-VILARIÑO"**, por importe de 236.093,37, IVE do 18% engadido, financiada a través do Plan provincial de cooperaicón ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, aprobado polo pleno da Deputación Provincial, na sesión celebrada o 27/04/2012, cunha achega provincial de 221.093,37 €.

Visto que se seguiron todos os tramites establecidos legalmente.

Considerando que, tal e como se desprende do informe do xefe de negociado de servizos xerais, de data 02/08/2012 presentaron proposicións as seguintes empresas:

1.- CONSTRUCCIONES CRESPO S.L. – 27/07/2012 (rex. entrada nº 6.735)

2.- EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑAS S.L. - 27/07/2012 (rex. entrada nº 6.742)

3.- CONSTRUCCIONES OÑIAL S.L. – 28/07/2012 (rex. entrada nº 6.760)

4.- ANTONIO FILLOY S.A. – 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.781)

5.- TARRIO Y SUAREZ S.L.- 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.784)

6.- NEMESIO ORDÓNEZ S.A. – 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.790)

7.- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. – 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.792)

8.- CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS S.L. - 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.793)

9.- MARTÍNEZ MONTES E HIJOS S.L. – 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.798)

10.- OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. - 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.802)

11.- TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P. S.L. - 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.814)

12.- FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L. - 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.820)

13.- MANUEL RODRÍGUEZ LEMA S.L. - 30/07/2012 (rex. entrada nº 6.823)

14.- OBRAS Y SERVICIOS GEO SLU - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.825)

15.- CASDIBOCA S.L.- 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.886)

16- OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA S.L. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.889)

17.- CONSTRUCCIONES Y TECNICAS CASAMORE S.L. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.890)

18- CONSLAR INGENIERIA Y CONSTRUCCIÓN SLU - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.892)

19.- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.894)

20.- CANARGA S.L. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.897)

21.- ARIAS HERMANOS S.A. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.898)

22- JESUS MARTINEZ CONSTRUCCIONES S.A. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.899)

23.- ALVAC S.A. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.900)

24.- ROYMER OBRA CIVIL S.L. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.901)

25.- DECORACiONES J. BELLO S.L. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.902)

26.- CONSTRUCCIONES OGANDO S.L. - 31/07/2012 (rex. entrada nº 6.903)

27.- ORDESCON S.L.- 31/07/12 (rex. entrada nº 6.904)

Considerando que, constituída a mesa de contratación na sesión de 09/08/2012, esta acordou rexeitar a proposición presentada pola empresa CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS S.L., por non coincidir a denominación da obra recollida nos sobres presentados coa obra que se licita, e requirir, unha vez aperturado os sobres A, de documentación das restantes empresas, ás que se relacionan a continuación para que emendaran a documentación presentada:

- TARRIO Y SUAREZ S.L.

- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.,

- OBRAS Y SERVICIOS GEO S.L.U.

- CASDIBOCA S.L.

- CONSTRUCCIONES Y TÉCNICAS CASAMORE S.L.

- CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN S.L.U

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4,81 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 64,81 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.
1.8.- Escrito de D. IAGO SEARA MORALES**,** en represenación de **Dª. MERCEDES CARBALLO FEROS**, de data 16.11.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 10985, do 19.11.2012, no que se pon de manifesto a existencia dun erro tipográfico na numeración da finca, na solicitude presentada o 02.08.2011 (rex. entrada nº 6998) para obtención de licenza de construción dunha vivenda unifamiliar, expediente nº 76/2012, figurando na documentación a finca nº 575 en lugar de nº 576.

Dase conta de que, de acordo co solicitado pola interesada con data de 02.08.2011 (rex. entrada nº 6998), a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 02.04.2012, acordou conceder a Dª.

MERCEDES CARBALLO FEROS, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar e edificación anexa (garaxe + c. Instalacións), na parcela nº 575 de concentración parcelaria da zona de Cacheiras, situada en O Sebe (expte. 76/12).

Considerando que, en virtude do exposto, o erro na solicitude de Dª. MERCEDES CARBALLO FEROS, de data 02.08.2011 (rex. entrada nº 6998), dou lugar a un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 02.04.2012, ao acordarse conceder a licenza solicitada para a contrución dunha vivenda unifamiliar e edificación anexa (garaxe + c. Instalacións) "na parcela nº 575 de concentración parcelaria da zona de Cacheiras, situada en O Sebe", tal e como reflexa a interesada na súa solicitude, en vez de "na parcela nº 576".

Visto o informe emitido polo arquitecto técnico municipal en data 19.11.2012 que dí:

"Que o proxecto redactado polo arquitecto Iago Seara Morales, é para a construción de unha vivenda unifamiliar situada sobre a finca catastral 15083B503005760000SI, que corresponde coa parcela nº 576 do polígono 503, segundo ficha que se xunta, e que coincide coa agrupación das parcelas descritas nas escrituras, procedentes da nº 576 e 577 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Cacheiras en "Fontiña e Veiga do Sebe", figurando por erro a nº 575 no escrito de solicitude presentado pola propiedade."

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda incluir por urxencia este asunto, e por delegación da Alcaldía (Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12, respectivamente)), adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 02.04.2012, de xeito que onde pon "na parcela nº 575 de concentración parcelaria da zona de Cacheiras, situada en O Sebe,...(...)" debería poñer "na parcela nº 576 de concentración parcelaria da zona de Cacheiras, situada en O Sebe, ...(...)".

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.9.- Escrito presentado por **Dª. RAQUEL SABORIDO FIAÑO,** de data 02.03.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 1458, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 06.11.2012, o informe xurídico de Secretaría de data 16.11.2012, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda, conceder a Dª. RAQUEL SABORIDO FIAÑO, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-372-23/12), para unha vivenda unifamiliar situada en Pite, nº 12, parroquia de Lucí, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 108/10, de data 07.06.2010.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 90,00 €.

1.10.- Escrito presentado por **D. BRAIS JORGE DEL RÍO,** de data 29.05.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 4464, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 09.11.2012, o informe xurídico de Secretaría de data 16.11.2012, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda, conceder a D. BRAIS JORGE DEL RÍO, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-384-24/12), para unha vivenda unifamiliar situada en rúa Muiño do Mondelo, nº 17, parroquia de Calo, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 232/08, de data 11.08.2008.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística-primeira ocupación: 90,00 €.

1.11.- Escrito presentado por **PROMOSAN GALICIA S.L.,** de data 27.10.2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 10.427, no que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar das catro que figuran na licenza urbanística expte. 171/07.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 13.11.2012, só para a vivenda correspondente a Póboa, nº 35-A –Cacheiras, o informe xurídico de Secretaría de data 16.11.2012, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda, conceder a PROMOSAN GALICIA S.L., a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-399-25/12), só para a vivenda unifamiliar situada en Póboa, nº 35-A, parroquia de Cacheiras, das catro vivendas solicitadas, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 171/07, de data 24.09.2007.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

A taxa pola expedición de licenza urbanística de primeira ocupación figura abonada no expediente O-371-9/12.

2.- CONTRATACIÒN: PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DAS EIMs MUNICIPAIS
Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 12/11/2012 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada en data 09/11/2012 (nº RE 10.715) por D. José Vicente Ortega, actuando en nome e representación da empresa CLECE SA con CIF A-80.364243, adxudicataria do contrato de xestión de servizos das escolas infantís municipais do concello de Teo, por medio da cal solicita a revisión do prezo do contrato, unha vez transcorrido o primeiro ano de execución do mesmo, segundo a cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas que rexen ó mesmo, e que cifra no 2,7%(IPC interanual agosto 2011 a agosto 2012).

Vistos os artigos da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), 77 a 82, relativos á revisión de prezos dos contratos, máis concretamente os artigos 77.1, 78.2 e 79.3 devandita lei.

Vista a cláusula 3ª do contrato de xestión de servizos asinado en data 29/08/2011, entre o concello de Teo e a empresa CLECE SA, para a xestión do servizo das escolas infantís municipais de Os Tilos, Calo e a Ramallosa, así como a cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares correspondente.

Considerando que xa transcorreu o primeiro ano de execución do contrato, e que polo tanto procedería a revisión do canon a abonar á empresa adxudicataria.

Visto o informe de Intervención municipal, de data 12/11/2012, segundo o cal:

"Procede aplicar a revisión de prezos nos termos da cláusula 3ª do contrato e 19 do prego de cláusulas, en concordancia có artigo 78.3 da LCSP, 30/2007, de 30 de outubro, polo tanto, a porcentaxe a aplicar resultará do 85% sobre o 2,7% que é o incremento do IPC entre agosto de 2011 e agosto de 2012, xa que se debe tomar como referencia a data de adxudicación do contrato, o 22/08/2011."

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar en parte a pretensión formulada polo interesado, e acceder á revisión de prezos do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Os Tilos, Calo e A Ramallosa, de xeito que a fórmula de revisión será o resultado de aplicar o 85% sobre o 2,7% que corresponde ao IPC interanual entre agosto de 2011 e agosto de 2012, resultando o incremento no cánon que se especifica na seguinte táboa:

REVISION PREZOS CONTRATO XESTIÓN EIMS.-2012						
CANON ANUAL	**CANON MENSUAL**	**IPC**	**85% DO IPC**	**INCREMENTO**	**CANON REVISADO**	**CUSTO 2012**
387.365,14	32.280,48	2,70%	0,02295	740,84	33.021,32	3.185,61

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente ao exercicio 2012 e que ascende a 3.185,61€ con cargo á partida 230/227.99 do orzamento municipal.

Terceiro.-Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria do contrato de xestión de servizos das escolas infantís municipais así como aos servizos económicos aos efectos oportunos."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11, 126/12 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Estimar en parte a pretensión formulada polo interesado, e acceder á revisión de prezos do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Os Tilos, Calo e A Ramallosa, de xeito que a fórmula de revisión será o resultado de aplicar o 85% sobre o 2,7% que corresponde ao IPC interanual entre agosto de 2011 e agosto de 2012, resultando o incremento no cánon que se especifica na seguinte táboa:

REVISION PREZOS CONTRATO XESTIÓN EIMS.-2012						
CANON ANUAL	**CANON MENSUAL**	**IPC**	**85% DO IPC**	**INCREMENTO**	**CANON REVISADO**	**CUSTO 2012**
387.365,14	**32.280,48**	**2,70%**	**0,02295**	**740,84**	**33.021,32**	**3.185,61**

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente ao exercicio 2012 e que ascende a 3.185,61€ con cargo á partida 230/227.99 do orzamento municipal.

Terceiro.-Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria do contrato de xestión de servizos das escolas infantís municipais así como aos servizos económicos aos efectos oportunos.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A RECLAMACIÓN POR COMPENSACIÓN DE I.C.I.O.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 15/11/2012 que se recolle a continuación

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por D. Ricardo Seoane Balaeto en data 08/11/2012 con nº RE 10.671, pola cal solicita a compensación do ICIO que tivera aboado por importe de 3.552,00€ correspondente ao expediente de licenza urbanística 240/11, có ICIO pendente de pago, polo mesmo importe, e liquidado na XGL de data 05/11/2012, correspondente ao expediente dunha nova licenza en curso.

Visto que no mesmo escrito solicita autorización para o cambio dos datos do cartel pola súa conta.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/10/2012 polo que se declara a caducidade da licenza nº 240/11.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 13/11/2012, segundo o cal, procede estimar a petición formulada polo interesado no que respecta á compensación do ICIO por importe de 3.552,00€ entre os expedientes de licenza nº 240/11 e 252/12, por coincidir o importe do crédito e e a débeda coa Facenda Municipal.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, Luis Javier Castro Martínez, segundo o cal o cambio do cartel deber realizarse dende o Concello, repercutindo os gastos no solicitante da licenza.

Considerando o disposto no artigos 71 a 73 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos arigos 55 a 59 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Estimar parcialmente a solicitude presentada por D. Ricardo Seoane Baleato en data 08/11/2012, recoñecéndolle o dereito á compensación de débedas e créditos tributarios coa Facenda Local, de xeito que o ICIO aboado polo expediente de licenza nº 240/11 compense o ICIO pendente de ingreso do expediente de licenza 252/12 polo mesmo importe.

Segundo.- Desestimar a súa petición no que atixe ao cambio pola súa conta de datos do cartel, indicandolle que, tanto si solicita un novo cartel como se se procede a modificar o inicial ,deberá asumir o pago da taxa.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolucións 410/11, 126/12 e 132/12), acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente a solicitude presentada por D. Ricardo Seoane Baleato en data 08/11/2012, recoñecéndolle o dereito á compensación de débedas e créditos tributarios coa Facenda Local, de xeito que o ICIO aboado polo expediente de licenza nº 240/11 compense o ICIO pendente de ingreso do expediente de licenza 252/12 polo mesmo importe.

Segundo.- Desestimar a súa petición no que atixe ao cambio pola súa conta de datos do cartel, indicandolle que, tanto si solicita un novo cartel como se se procede a modificar o inicial ,deberá asumir o pago da taxa.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

4. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.
Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.
Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria accidental

Martiño Noriega Sánchez Mª Pilar Sueiro Castro

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 03 DE DECEMBRO DE 2012 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:35 horas do día 3 de decembro de 2012, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

Arquitecto: D. Alberto Iglesias Fungueiriño

Interventora: D.ª Mónica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 05/11/12 E DO 19/11/12

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

3. LICENZAS DE ACTIVIDADE

4. DEVOLUCIÓN DE AVAIS URBANÍSTICOS

5. CONTRATACIÓN:

5.1. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

5.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACION Nº 1 E ÚNICA DA OBRA DE "ACONDICIONAMENTO DO VIAL LUCÍ-VILARIÑO" (POS 2012)

6. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

7. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 05/11/12 E DO 19/11/12.

Acta da sesión ordinaria do día 05 de novembro de 2012

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 05/11/2012.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 19 de novembro de 2012

O Sr. alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19/11/2012.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía Decretos de 14/06/2011 (nº 410/11), e 2 e 6 de marzo de 2012 (nº 126/12 e 132/12 respectivamente), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. MARÍA DE LOS ÁNGELES LOSADA GALLEGO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar (PB+Bc) en Caxade, nº 42, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Luis Rodríguez González.
Expediente núm: 275/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Luis Rodríguez González, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 13.08.2012 e os seus correspondentes anexos, visados en datas de 28.09.2012 e 15.11.2012. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas

responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N2 SOLO DE NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: José Luis Rodríguez González.
-Arquitecto técnico director: Carlos Durán Estévez.
-Coordinador de seguridade e saúde: Carlos Durán Estévez.
-Edificabilidade: 0,11 m^2/m^2.
-Altura máxima: PB+BC, 5,60 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 7,38% p. neta. Recuamento ao eixo: 16,00 m. do eixo da vía. Recuamento a lindeiros: >3,00 m. Pendente máxima de cuberta: 27º. Altura do cumio: 3,20 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si. Prazas de aparcamento: 2.
-Presuposto: 91.186,54 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.823,73 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 186,90 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.130,63 euros.

2.2. A Dª. JUANA MARÍA SUÁREZ MARTÍNEZ, licenza para obras de cerre de 218 ml., con bloques, postes e malla metálica, na finca nº 956 do plano de concentración parcelaria de labradio da parroquia de Calo, en Mouromorto.
Expediente núm: 276/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-O cerre situarase na aliñación oficial que sinala o Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Teo, á distancia mínima de 10,5 metros ao eixe da pista pública, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.
-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica o artigo 20 do PXOM e normativa vixente.
-Dará cumprimento das condicións xerais de estética e integración ambiental que indica o artigo 103 do PXOM.

-En solo urbano, núcleos rurais e rústicos con edificación, os novos valos de parcela estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:
-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.
-No caso de muros que soporten terras ou sexan muros de contención, tramitarase previamente licenza de obras en base ao proxecto técnico que indica o artigo 195.3.
-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 6.781,98 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 135,64 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 195,64 euros.

2.3. A D. SANTIAGO SEOANE EIRAS, licenza para obras de cerre de 96 ml., con base de bloques, postes e tea metálica, na finca nº 858 de catastro, en Lampai.
Expediente núm: 277/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-O cerre situarase á distancia mínima de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.
-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica o artigo 20 do indicado PXOM e normativa vixente.
-Dará cumprimento das condicións xerais de estética e integración ambiental que indica o artigo 103 do PXOM.
-En solo urbano, núcleos rurais e rústicos con edificación, os novos valos de parcela estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:
-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.
-No caso de muros que soporten terras ou sexan muros de contención, tramitarase previamente licenza de obras en base ao proxecto técnico que indica o artigo 195.3.
-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 2.986,56 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 59,73 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 119,73 euros.

2.4. A D. JOSÉ MARÍA MUJUJOSA RAMOS, licenza para obras de cerre de 95 ml., con postes e alambre, na finca nº 292 de Bustelo, parroquia de Luou.
Expediente núm: 278/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre situarase á distancia mínima de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.
-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica o artigo 20 do indicado PXOM e normativa vixente.
-Dará cumprimento das condicións xerais de estética e integración ambiental que indica o artigo 103 do PXOM.
-En solo rústicos sómente se permiten cerramentos vexetais ou con postes e arame, sen ningún tipo de fábrica ou cimentación, e cunha altura máxima de 1,80 metros.
-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de

iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 2.955,45 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 59,11 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 119,11 euros.

2.5. A Dª. MARÍA DOLORES TRAZADO CASTRO, licenza para obras de cerre de 140 ml., con postes e alambre, polo fronte e dous laterais da finca, e rampa de acceso de 4 ml. con tubos de 40 centímetros de diámetro, na finca nº 224 (norte) de Pite, parroquia de Lucí.
Expediente núm: 279/12.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-O cerre situarase á distancia mínima de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.
-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica o artigo 20 do indicado PXOM e normativa vixente.
-Dará cumprimento das condicións xerais de estética e integración ambiental que indica o artigo 103 do PXOM.
-En solo rústicos sómente se permiten cerramentos vexetais ou con postes e arame, sen ningún tipo de fábrica ou cimentación, e cunha altura máxima de 1,80 metros.
-A rampa situarase na mesma cota que o firme da pista e instalarase unha tubaría de 40 cm. De diámetro á distancia de 5 metros do eixe da pista. O pavimento da rampa será adecuado para transito de vehículos.
-Respetará as servidumes vixentes que poidan existir sobre a parcela.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:
-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.
-No caso de muros que soporten terras ou sexan muros de contención, tramitarase previamente licenza de obras en base ao proxecto técnico que indica o artigo 195.3.
-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas

oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 4.405,86 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 88,12 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 148,12 euros.

2.6. A Dª. LURDES GARCÍA VILA, licenza para obras de conservación e mantemento da vivenda existente, consistente en repoñer baranda da escaleira, fixar pezas de aplacado en fachadas, repasos de revestimento e de pintura e retellado, en Estación de Osebe, nº 6, parroquia de Calo.

Expediente núm: 280/12
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estrutura da mesma.

-Manteranse estritamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.
-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:
-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.
-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.
-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo. Solo urbano consolidado U-3.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

